

1) CAMBIOS APROBADOS POLA XUNTA DE FACULTADE DO 13 DE MAIO DE 2015 NO REGULAMENTO DOS TRABALLOS DE FIN DE GRAO NOS TÍTULOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A versión do Regulamento de TFGs da FEE cos cambios aprobados introducidos no texto está na web da FEE : http://www.economicas.udc.es/subido/Regulamento_TFG_aprobado.pdf

Apartado 3.2

Redacción antiga:

3.2 O TFG deberá estar orientado a se aplicaren as competencias asociadas ao título. En concreto, a capacitar para a busca, xestión, organización e interpretación de datos relevantes –da súa área de estudo– co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

Redacción aprobada:

3.2 O TFG deberá estar orientado á aplicación das competencias asociadas ao título. O TFG debe constituír unha metodoloxía de aprendizaxe que oriente o alumnado a reflexionar sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e a facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.

En concreto, e no ámbito dos graos impartidos na Facultade de Economía e Empresa, o TFG propiciará que o alumnado desenvolva actividades de busca, xestión, organización, tratamento e interpretación de datos relevantes da súa área de estudo co obxecto de chegar a conclusións ben fundamentadas. O traballo presentado polo alumnado para a súa avaliación -que poderá adoptar a forma de informe técnico, ensaio académico, proposta de procedementos e/ou elaboración ou adaptación de metodoloxías aplicables a problemas concretos do ámbito económico empresarial- deberá recoller as ditas conclusións e, de ser o caso, o proceso desenvolvido para a súa elaboración, se este fose de especial interese para a avaliación final do TFG.

Apartado 10.2

Redacción antiga:

Os membros do tribunal realizarán un informe, conforme ao modelo que se elaborará para estes efectos, no que se avaliarán de 0 a 10 os seguintes aspectos:

- a) Valoración do traballo: Organización e estrutura do traballo, contidos, cumprimento dos obxectivos propostos, adecuación e desenvolvemento das tarefas formuladas, dificultade, conclusións, estruturación, presentación xeral do traballo, etc.
- b) Defensa do traballo (exposición oral): coñecementos teóricos da temática tratada, claridade na presentación, capacidade de síntese, claridade na exposición oral contestación correcta das preguntas do tribunal, etc.

Redacción aprobada:

Os membros do tribunal realizarán un informe, conforme ao modelo que se elaborará para estes efectos, no que se avaliarán de 0 a 10 os seguintes aspectos:

- a) Valoración do traballo (informe escrito): adaptación aos contidos/competencias da titulación (30%), organización e estrutura formal (30%), grao de dificultade (20%) e alcance das conclusións (20%).*
- b) Defensa do traballo (exposición oral): organización e capacidade de síntese (60%) e respostas ás preguntas do tribunal (40%).*

2) ACORDO DA XUNTA DE FACULTADE DO 13 DE MAIO DE 2015 SOBRE A INFORMACIÓN QUE O TITOR DEBERÁ FACER CONSTAR NO INFORME QUE EMITA SOBRE OS TFGS DIRIXIDOS

Recoméndase que o titor informe dentro do espazo reservado na aplicación informática sobre os seguintes aspectos:

- 1. Grado de consecución dos obxectivos e competencias propostas (as que figuran na guía do TFG).*
- 2. Razóns pola que non se acadaron os obxectivos propostos na súa totalidade.*
- 3. Esfuerzo, dedicación e interese do alumno/a na elaboración do TFG.*
- 4. Declaración sobre a orixinalidade e autoría do traballo presentado polo estudante.*

3) ACORDO DA XUNTA DE FACULTADE DO 13 DE MAIO DE 2015 SOBRE A FORMACIÓN DOS TRIBUNAIS DE TFGS.

Con carácter xeral, os tribunais serán específicos para cada un dos graos que se imparten na FEE.

Formarán parte dos tribunais que valorarán os TFGs todos os membros do PDI dos departamentos con sede na Facultade de Economía e Empresa que sexan doutores, con vinculación permanente á UDC e con dedicación a tempo completo. Con carácter excepcional tamén poderán formar parte dos tribunais de valoración os profesores doutores con vinculación permanente e con dedicación a tempo completo que pertenzan a departamentos cuxa sede non estea na Facultade de Economía e Empresa.

Todos os profesores que formen parte dos tribunais deberán ter docencia nos graos impartidos na Facultade de Economía e Empresa durante o curso académico en que se constitúan os tribunais.

A comisión de TFGs será a encargada de configurar as diferentes comisións consonte o establecido no Regulamento dos traballos de fin de grao nos títulos da Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña.

Igualmente será a comisión de TFGs a que estableza o réxime de actuación dos tribunais en función do número de traballos que se presenten durante os diferentes períodos de avaliación.